



Colexio Oficial de Odontólogos da Coruña
Rúa de Emilio González López, núm. 28
15001 A Coruña



Presidente:

O Real decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensa, estableceu un novo marco xurídico para a receita médica que posibilita unha mellora do uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, nos ámbitos público e privado e reforza as garantías dos pacientes.

O dito real decreto estableceu un novo modelo para as receitas médicas privadas, no que se incorporan medidas antifraude e de trazabilidade, co obxecto de garantir ao profesional odontólogo e ao farmacéutico a legalidade e autenticidade da prescrición e evitar os usos indebidos na obtención de medicamentos e produtos sanitarios dun xeito fraudulento.

En consecuencia, o uso do modelo de receita médica oficial convértese no medio fundamental para a transmisión de información entre profesionais sanitarios coa finalidade de obter o correcto cumprimento terapéutico polos pacientes e a máxima eficiencia do tratamento prescrito.

É frecuente encontrar prescricións por profesionais odontólogos en modelos de receita que non se axustan ao establecido no real decreto. Por conseguinte, cómpre recordar aos seus Colexiados a necesidade de prescribir conforme ao establecido e así garantir a calidade e seguridade dos pacientes.

Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade

Alberto Fuentes Losada



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 01/06/2018 09:50:07

SAIDA 10862 / RX 816581

